

CÁLIDA DESPEDIDA DE ART NATURA

Por Belén Rodríguez

Preto dun cento de persoas participou na derradeira inauguración da exposición ART Natura, impulsada por ADEGA para sensibilizar e crear conciencia sobre a defensa e conservación do medio ambiente entre toda a cidadanía galega a través das diversas formas da cultura. Este acto de inauguración serviu tamén para dicir adeus ao percorrido deste proxecto que comezou na primavera de 2007 e que visitou varios concellos galegos entre os que están Santiago, O Carballiño, Lugo, Sigüeiro, A Coruña, Fene, Melide e Marín. Art Natura rematou onde comezou, en Compostela. Foi o pasado 2 de setembro na Sala de Exposicións da Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre.

© Alberte S.R.




A mestura e a fraternidade entre o ecoloxismo e a cultura galega fixeron posíbel que ART Natura se constituíra nunha das mostras máis importantes de Galiza dedicada ao compromiso medioambiental. O proxecto, nado por iniciativa de ADEGA, estivo durante ano e medio en circulación por todo o país e tivo cabida en salas de exposicións de centros educativos, centros socioculturais, concellos, casas da cultura e rematou a súa andaina no parque empresarial do Tambre, lugar que congratula especialmente aos promotores de Art Natura por tratarse dun sector, o industrial, que incide de xeito importante no contorno. ADEGA agradeceu ao presidente do Polígono do Tambre, Xesús Chenel, pola súa disposición a colaborar neste proxecto ao contribuír a acadar un dos obxectivos desta mostra: tratar de implicar a todos os sectores sociais na defensa medioambiental. Tampouco faltaron agradecementos para aquelas institucións públicas que desde un principio colaboraron con Art Natura como a Consellaría de Medio Ambiente, a Consellaría e Cultura e o Concello de Compostela.

Pero, sen dúbida, os maiores encomios foron dedicados aos 140 artistas que cederon parte da súa obra plástica,

"Apoiamos este proxecto porque consegue vincular a todos os sectores sociais na defensa da cultura e da natureza galega", Socorro García, concelleira de Cultura de Compostela"

audiovisual e literaria para conseguir que Art Natura se fixese realidade. En nome deles intercedeu Manuel Suárez, quen fixo fincapé na singularidade da mostra por acoller tal diversidade de



obras creativas de diferentes técnicas (pintura, fotografía, escultura, vídeo, gravado, debuxo e textos literarios) e por expresar o enorme compromiso que os artistas galegos teñen co medio ambiente, coa defensa da Rede Natura e de todos os espazos agredidos de Galiza. Prova disto foi o número desbordante de obras que chegaron ao local de ADEGA para participar na exposición e que ao final tivo que ser limitado pola propia organización.

Pola súa parte, ADEGA expresou a súa satisfacción polo nivel de participación e o apoio que acadou a mostra de Art Natura, tanto dos artistas como das institucións e centros colaboradores, así como de persoas voluntarias que cederon moito do seu tempo para conseguir este obxectivo, como Xulio Villaverde ou Pepe Salvadores, comisarios da exposición: "Algo deu que falar, algo nos movemos e entendemos que a misión está cumprida", manifestou Salvadores.

A presidenta da asociación, Adela Figueroa Panisse, foi a encargada de pechar o acto, e fíxoo lembrando o compromiso da organización coa cultura galega e sinalando a esta como "a mellor forma de interpretar a música da terra, as súas cores e a súa harmonía".